

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE FERROL EN COMÚN PARA SOLICITAR UN CAMBIO DE CRITERIO DO GOBERNO DO ESTADO E APOIAR A AUTODETERMINACIÓN DO SÁHARA OCCIDENTAL

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para solicitar un cambio de criterio do Goberno do Estado e apoiar a autodeterminación do Sáhara Occidental.

Exposición de motivos

Dende o proceso de descolonización do Sáhara Occidental, antiga colonia española da que segue sendo legalmente potencia administradora e que Marrocos ocupa militarmente dende o 1975, Ferrol en Común sempre amosou a súa solidariedade coa causa do Sáhara Occidental e coa lexítima loita do Frente Polisario. Durante os terribles anos da guerra, pero tamén posteriormente cos acordos de paz, a cidade de Ferrol tamén configurouse coma unha cidade solidaria co Sáhara Occidental e acollidora de nenos e nenas saharauis a través dos programas Vacacións en Paz.

Por isto, ante o terrible erro do presidente do Goberno no estado español, Pedro Sánchez, de dar cobertura e viabilidade ao plan do Goberno de Marrocos para o Sáhara Occidental, a nosa cidade non pode permanecer calada ou neutral.

Porque o Goberno de España da un xiro moi significativo á postura histórica do Estado español que sempre avogara por unha solución ao conflito en liña co marcado nas resolucións da ONU que recoñecen a soberanía política do Sáhara Occidental e por tanto reclaman a súa libre determinación.

A brutal ocupación marroquí do territorio saharauí non só viola o dereito internacional, senón que ataca constantemente os dereitos humanos da poboación do Sáhara

Occidental que vive baixo a súa ocupación. O plan de autonomía para o Sáhara Occidental dentro do Reino de Marrocos ignora que durante os últimos 47 anos as autoridades marroquís reprimiron sistematicamente calquera movemento polos dereitos do pobo saharai, e os seus líderes foron encarcerados ou desaparecidos.

A 45ª Conferencia EUCOCO de apoio á loita do pobo saharai celebrada en Las Palmas de Gran Canaria o pasado mes de decembro, posicionouse con contundencia como nas 44 edicións anteriores, a favor do exercicio do dereito inalienable e imprescriptible do pobo saharai á autodeterminación e independencia, ademais do dereito dos e das saharais para vivir no seu territorio ocupado hoxe por Marrocos.

En definitiva, a posición expresada polo presidente do Goberno de España rompe o consenso internacional expresado polas Nacións Unidas, a Unión Africana, ou o Tribunal de Xustiza Europeo que reiteradamente non recoñecen ningunha soberanía de Marrocos sobre o Sáhara Occidental.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal Ferrol en Común somete a votación a presente moción e os seguintes acordos:

1. Apoiar a resolución do conflito do Sáhara no marco do proceso de descolonización sustentado nas resolucións da ONU incluído o dereito de autodeterminación do pobo saharai mediante un referendo.
2. Instar ao Goberno de España ao rexeitamento do plan do Reino de Marrocos de autonomía para o Sáhara Occidental por non dar cumprimento ás resolucións da ONU ao ignorar o dereito á libre determinación do pobo saharai.
3. Reafirmar o compromiso do Concello de Ferrol coa solidariedade co Sáhara Occidental a través do reforzamento de iniciativas solidarias e de máis recursos nos vindeiros orzamentos municipais para as mesmas e trasladar ao Goberno de España o seu apoio ao recoñecemento da República Árabe Saharai Democrática (RASD).

Ferrol, 25 de marzo de 2022

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común